

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO O 29 DE  
NOVEMBRO DE 2011.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. José Antonio Vigo Lago (PP)

**MEMBROS:**

D. Eudaldo Sieiro Prada (PP)  
D. Andrés Pastor Vigo Orjales (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cristina Freire Aneiros (PP)  
D. Alberto González Fernández (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. Rosa Ana García López (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. Concepción Sanesteban Raposo (CENVAL)  
D. Luis Manuel Beceiro Rodríguez (CENVAL)  
D. José Gonzalo Doce Vergara (CONVERXENCIA GALEGA)  
D. José Antonio Rodríguez Fernández (CONVENXENCIA GALEGA)  
D. Manuel Javier Bacorelle Robles (UNIDOS POR VALDOVIÑO)  
D. Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG)

**AUSENTES:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Castro González (PSdeG-PSOE), que é excusada por motivos de traballo.

**INTERVENTORA XERAL**

D<sup>a</sup> Iria Luisa Díaz Gavela

**SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

Nas oficiñas municipais, sendo as once horas e seis minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, así como a Interventora Xeral do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**I) PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA.**

Intervén o Sr Alcalde xustificando a urxencia do POS xa que o prazo límite para a presentación das obras do POS remata o día 30 de novembro

No tocante á creación e delegación na Deputación Provincial da xestión e administración da sede electrónica do Concello de Valdoviño, dí que nos están chamando da Deputación provincial para que remitamos a acordo, apremiándonos para asinar os convenios.

Por último no tocante ao expediente de transferencia de crédito, o expediente debe estar rematado antes de fin de ano co hándicap que supón o período de exposición pública.

Intervén o Sr. González Fernández que dí que ten dúbidas sobre a urxencia do pleno, que transcorreu unha xunta de voceiros e tres plenos dous ordinarios e un extraordinario. Que se pregunta pola urxencia e que non a entende xa que ven motivada polo prazo, pero é que o traballo non se fixo no seu debido tempo.

Sobre a urxencia do punto da delegación na Deputación Provincial da xestión e administración da sede electrónica, desposta o secretaio que chamaron da deputación apremiándonos para que se adoptase o acordo o máis axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai que facer máis cousas.

Intervén o Sr. Ameneiros Serantes quen dí que está de acordo con algunhas das cousas que dixo o voceiro do PSdeG, que existe unha falla de planificación por parte do grupo de goberno e que non se debería chegar a estes extremos convocando este pleno extraordinario co prexuízo para as arcas municipais, anunciando nembargantes o seu voto en senso favorable para que non se perda a subvención pero deixando claro que falla planificación por parte do goberno municipal.

Intervén o Sr. Bacorelle Robles quen dí que a hora non é a axeitada e que os plenos deberían celebrarse pola tarde, dí compartir o exposto polo PSOE e BNG, que é unha irresponsabilidade absoluta o do grupo de goberno. Remata felicitando ao BNG pola moción que presentou e que supuxo que se activase este procedemento, anunciando o seu voto en sentido favorable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que él está pola mañá que recoñece que os plenos deben ser pola tarde, pero que neste caso non podía e que ten a súa vida, remata dicindo que entende que non hai falla de transparencia.

Intervén o Sr. González Fernández dicindo que o POS é un tema moi importante e que xa se sabe cando hai que presentar a documentación xa que ven con periodicidade anual, que é de recibo que o Alcalde diga que ten a súa vida e que hai que procurar que os plenos se celebren pola tarde para que poidan acudir máis veciños.

Intervén o Sr. Doce Vergara que dí que está na liña de votar a urxencia coma o resto dos grupos, pero que entende que non se debe esperar ata o derradeiro día, e que dende a Alcaldía se nos deu unha opción de participar e que non se nos convocou.

Intervén a Sra. Sanesteban Raposo anunciando o voto en sentido favorable, pero dí que o único responsable é a Alcaldía que ten que os prazos coa comisión e que quedara de facer unha comisión urxente.

Sometida a urxencia a votación esta é ratificada con DEZ votos a favor e DÚAS abstencións (membros do PSdeG-PSOE) en consecuencia queda ratificado.

## **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS OBRAS A INCLUIR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2012.**

Intervén o Sr. Ameneiros Serantes dicindo que o Sr. Alcalde está a abusar, que estas non son formas, nin é tempo. Que non pode ser que o derradeiro día se baixen os proxectos. Anuncia o seu voto en sentido favorable, pero facendo constar que as obras non foron consensuadas e que o Sr. Alcalde é o único responsable de que o Concello de Valdoviño quede sen POS.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entende que se traballou na liña apuntada na moción presentada e aprobada polo pleno a instancia do BNG que era a de facer obras de saneamento e cos cartos que deron.

Intervén o Sr. Ameneiros Serantes dicindo que onte deulles unha alternativa que solucionaba unha obra e dí que como se fixo o derradeiro día teñen que crer que se vai a facer así.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo se él sabía se había liña de auga metida e que entende que pese ao que ven no proxecto problema da auga pódese amañar.

Intervén o Sr. Bacorelle Robles quen dí que existe un erro na aportación do 5% do Concello. Que fallan as formas e que non queda máis remedio que votar a favor.

Intervén o Sr. Doce Vergara que dí que entende que as obras son necesarias, pero que esperan que no futuro se conte coa opinión do resto dos grupos xa que estas obras foron plantexadas unicamente pola alcaldía.

Intervén o Sr. alcalde dicindo que a alcaldía propuso estas obras de acordo cos criterios dos técnicos municipios e a empresa Aquagest e que foi un tema técnico.

Intervén o Sr. Doce Vergara dicindo que no intre en que os técnicos llo comentaron debería terse comunicado ao resto dos grupos e celebrar unha comisión informativa.

Intervén a Sr. Sanesteban Raposo que dí que a ela persoalmente se le convocou o 17 de outubro a unha xunta de voceiros, que que o seu grupo ía a incluír a obra do Poulo e que se quedara para facer unha comisión e que comunicou unha serie de obras á alcaldía e que non obtivo resposta. Remata preguntando cando tivo o alcalde eses seudos dos técnicos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os tivo fai unha semana, e que propuxo no seu día destinar o 50% a gasto corrente.

Intervén a Sra. Sanesteban Raposo que dí que a moción do BNG veu dado pola inactividade do grupo de goberno e que iso foi por culpa súa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se quedase o 50% para gasto corrente podería destinarse esa cantidade para outras obras.

Intervén a Sra. Sanesteban Raposo pregando que se lles convoque a unha comisión para informar de cómo están as obras do Fondo Estatal.

Contesta o Sr. Alcalde dicindo que se lle encargou ao secretario para que emita informe.

Pregunta o Sr. Ameneiros Serantes que quen era o Concelleiro encargado das obras do Fondo e que cré que era do PP. Dí o Alcalde que a él eso lle dá igual.

Intervén o Sr. González Fernández dicindo que ao seu grupo lle preocupa ter que devolver 2 millóns de euros. Ao que o Alcalde dí que a él tamén. Prosegue o Sr. González Fernández, dicindo que o Alcalde ten coñecemento a principios de outubro e que se lles convocou a unha xunta de voceiros.

Dí o Alcalde que non recibiron ben a proposta.

O Sr. González Fernández dí que lle preguntaron que se tiña problemas económicos e que lle dixeron nesa xuntanza onde se debían centrar as actuacións do POS, que tamén lle dixeron que non querían apertura de novas pistas e que se preguntou cantos cartos eran necesarios para destinalos a gasto corrente e que incluso tivo que subir a Sra. Interventora. Que nesa xunta de voceiros lle comunicaron todos que fixeran obrar que pechasen ciclos e que o seu grupo sí dixo que non querían que se adicase nada a gasto corrente e que posteriormente o

Sr. Alcalde comentou que ía a facer un estudo, estudo que a día de hoxe non teñen, que o alcalde parece non querer darse de conta de que o POS o aproba o pleno.

Intervén o Sr. Ameneiros Serantes que dí que a día de hoxe non se lle deu ningunha xustificación de porqué se ten que adicar o 50% a gasto corrente, e en canto ás obras do colexio cando faga o orzamento debe prevelas que seguro que atopa cartos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai unha serie de gastos correntes que se van a incrementar como pode ser a luz.

Intervén o Sr. González Fernández dicindo que o Alcalde non plantexou esas necesidades que agora comenta, que non se lles informou desas prioridades e que non se facilitaron datos e que lle gustaría saber cantos beneficiarios hai con estas obras. Dí o Alcalde que o descoñece e que o gran problema é que non se pode facer un estudo global en 15 días.

Pregunta o Sr. González Fernández que quen tomou a decisión de redactar eses proxectos, ao que o Alcalde dí que él. Prosegue o Sr. González Fernández dicindo que o problema en Aviño é que se o alcalde encarga un proxecto ten que ver todos antecedentes dese proxecto, ademáis pregunta se ten asegurada a financiación para a instalación da auga e canto é. Dí o Alcalde que non a ten xa que senón viría no proxecto e que a obra custaría sobre 20.000,00 euros.

O Sr. González Fernández dí que é unha irresponsabilidade o realizado pola alcaldía e que non pode decir que non se presentaran propostas, que se non se aproba o POS o alcalde dirá que non se aprobou o POS por culpa da oposición, ao que o alcalde dí, que logo que ía dicir se o seu grupo vai a votar a favor. Prosegue dicindo que non van a votar en contra que que non lle van dar un cheque en branco.

Pregunta a Sra. Sanesteba Raposo porqué non se presenta o plan complementario. Non se resposta a esta pregunta.

Sometido o asunto a votación o Pleno con DEZ votos a favor e DÚAS abstencións (Membros do PSdG-PSOE) ACORDA:

1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

**A ) Realización de obras:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Estado + Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
Saneamento e abastecemento de augas en Rúa do Poulo e Travesía da Rúa do Poulo	48.327,16	2.543,54	50.970,70
Abastecemento de augas en el lugar de Atios	31.838,17	1.675,69	33.513,86
Pavimentación do Camiño de Paraiso a Aviño	156.907,09	8.258,83	165.165,92
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>237.072,42</b>	<b>12.478,06</b>	<b>249.550,48</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00

**C ) Resumo:**

<b>Denominación da obra</b>	<b>Estado + Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto total</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	237.072,42	12.478,06	249.550,48
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	0,00		0,00
<b>T O T A L</b>	237.072,42	12.478,06	249.550,48

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

<b>Denominación da obra</b>	<b>Presuposto</b>
Non se propón ningunha obra complementaria	
<b>TOTAIS</b>	

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións, comprometéndose a tramitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

9.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña a documentación relacionada na base 5 das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CREACIÓN E DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.**

Únicamente se apunta polo Sr. González Fernández que lle gustaría que se tivese en consideración como proposta para que lle solicitasen á deputación colaboración para formación e posta en marcha.

Dí o Alcalde que xa se lle vai a comunicar á Deputación estas actuacións, igual que para o procesamento do arquivo.

Non se incorpora a proposta pero se indica que por parte da secretaría se traslade esta circunstancia.

Non se producen intervencións someténdose directamente o asunto a votación, e o pleno por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Crear a sede electrónica do Concello de Valdoviño, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: [www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com) configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña ([sede.dicoruna.es](http://sede.dicoruna.es)) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

Segundo.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado pola Deputación Provincial da Coruña para a utilización compartida da súa sede electrónica.

Terceiro.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o concello de Valdoviño e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

#### **4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 12/11 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.**

Explícase por parte da Interventora que a medida adoptada ven establecida polo Decreto 8/2010, segundo o riguroso orde de prelación.

Dí o Sr. González Fernández que esta é unha medida que se toma para saldar débedas e pregúntalle á interventora se está contemplada na diminución os créditos doa praza de policía local falecido, ao que a interventora dí que sí. Prosegue dicindo que votan en falla que non se cubra a praza de policía local.

Sometido o asunto a votación o Pleno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 12/2011, de transferencia de créditos entre aplicacións de gasto que pertencen a distintas áreas de gasto en cumprimento do disposto no Real Decreto 8/2010, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

SEGUNDO.- Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real Decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do mesmo texto legal.

TERCEIRO.- No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as doce horas e vinte minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace  
O ALCALDE

O SECRETARIO,